

A compañía ceense asume desta volta a posta en escena de Pelos na lingua. Un espectáculo estruturado en esqueches que fala dos usos e abusos que sofre a lingua galega.



presentación

Dende a constitución de Talía Teatro, fai xa vinte anos, estreamos vintenove espectáculos. Actualmente temos en repertorio sete espectáculos de distinto formato.

A nosa liña de traballo caracterízase por enfocarse a nosas montaxes a un amplo abano de públicos, así contamos con:

Espectáculos dirixidos a público infantil


- * Valentino Rufini e Âkil Pillabán de viaxe a Milán (e van sen un can)
- * Mundos contados (contacontos)
- * Carta urxente para Máximo Toxo

Espectáculos dirixidos a público xuvenil/adulto

- * Bicos con lingua
- * Pelos na lingua

Espectáculos dirixidos a público adulto

- * Palabras encadeadas
- * Volpone



Montaxes realizadas

- * O Rei aborrecido, de Xesús Pisón.
- * Aquí non paga ninguén, de Darío Fo.
- * O crime de Aldea Vella, de Bernardo Santareno.
- * Gaivotas subterráneas, de Alfonso Vallejo.
- * Ai, Carmela, de J. Sanchis Sinisterra.
- * T. W. C. , Colectiva.
- * Fando e Lis, de Fernando Arrabal.
- * Rezagados, de Ernesto Caballero.
- * A secreta oscenidade de cada día, de Marco Antonio de la Parra.
- * Pedro e o capitán, de Mario Benedetti.
- * Retén, de Ernesto Caballero.
- * Marsal Marsal, de J. Sanchis Sinisterra.



- * Soños dun Seductor, de Woody Allen
- * Menos Lobos, de Artur Trillo.
- * Dakota, de Jordi Galcerán.
- * Supermáis, de J.M. Benet i Jornet.
- * Xustiza Infinita, de Cándido Pazó.
- * Bicos con lingua, de VV.AA.
- * Molière Final, de Roberto Salgueiro
- * Mundos contados, de Paula Carballeira
- * Esperando a Godot, de Samuel Beckett
- * O merlo Branco, de Cándido Pazó
- * Quero ser grande, de Artur Trillo
- * E ti, quen vés sendo?, de Cándido Pazó
- * Valentino Rufini e Âkil Pillabán de viaxe a Milán, de Roberto Salgueiro
- * Palabras encadeadas, de Jordi Galcerán
- * Carta urxente para Máximo Toxo, de Diego Rey
- * Volpone, de Ben Jonson





Unha comedia, que dalgún xeito, podería considerarse a segunda parte de Bicos con lingua. Pero non se trata dunha segunda parte como unha continuación da liña argumental, senón que se está a traballar o mesmo tema coa mesma estrutura, aínda que desta vez tratando de darlle un enfoque distinto.

Distintos autores e autoras galegas participaron na creación deste espectáculo que interpretan Artur Trillo, Toño Casais e María Ordóñez baixo a dirección de Avelino González.

Pelos na lingua vai destinado a todo o mundo (e non esaxeramos), independentemente da súa posición respecto á lingua: aos galego falantes, aos que non o son, aos que queren selo pero non se atreven, aos que si queren selo e tomaron esa determinación, aos que non o falan porque non o saben falar ben, aos que lles dá igual que se fale ou non, aos que pensan que o galego debería ser a lingua universal, aos que pensan que debería ser o inglés a lingua universal, aos que cren que a maioría dos galegos falan castelán, aos que cren que a maioría dos galegos falan galego, a políticos, a mestres, a alumnos, a actores, a actrices, a carpinteiros, a carpinteiras, a todos e a todas. Ao mundo enteiro, independentemente da súa lingua.



Consideramos que o espectáculo Pelos na lingua é unha ferramenta didáctica de grande utilidade para traballar contidos relacionados coa sociolingüística (lingua minorizada e lingua minoritaria, a presenza da nosa lingua en distintos ámbitos, os múltiples e variados prexuízos lingüísticos, a relación linguamocidade ou lingua-poder, etc.).

A situación lingüística amósase desde unha perspectiva pouco académica, pero favorece a reflexión do alumnado sobre diferentes aspectos relacionados coa lingua.



interese para o ensino

intérpretes

María Ordóñez
Toño Casais
Artur Trillo

textos

Avelino González
Séchu Sende
María Ordóñez
Artur Trillo

escenografía e vestuario

Carlos Alonso

iluminación

Dani Trillo

fotografía e vídeo

Rubén Prieto

cartel

Kiko Dasilva

música orixinal

Dani Trillo

axudantes de dirección

Diego Rey
Dani Trillo

dirección

Avelino González

ficha artística

Produccións Teatrais Talía S.L.
Rúa Touro 31-3ºB, 15704 Santiago
Tfno. 981943242
info@taliateatro.es
www.taliateatro.es